


# RUTA

As ribeiras altas,  
Miño arriba




# RUTA

As ribeiras altas,  
Miño arriba

FOTOGRAFÍAS DE XURXO LOBATO, VANESA ABELAIRAS E A. CABANA

# RUTA

As ribeiras altas,  
Miño arriba



## As ribeiras altas, Miño arriba

Este itinerario circular ten a súa saída e chegada na propia zona urbana. Nel veremos lugares de aspecto moi variado.

A maior parte da ruta transcorre por unha zona de ribeiras altas. Pero o río, remansado polos caneiros, vai lento e fondo, cun volume de auga moi grande en todo tempo. Este percorrido é moi apto para as prácticas deportivas; os piragüistas adéstranse por aquí. En Lugo a afección ó remo é moi antiga, e de aquí saíron grandes deportistas de nivel olímpico.

Xa no século XIX e principios do XX se rexistra unha grande afección da burguesía e o artesanado lucenses ós paseos fluviais; usaban bateis con proa e leme, de tres ou catro pares de remos. Pero o máis antigo e característico son os batuxos, embarcacións de fondo plano, moi pequenas, para o servizo dos caneiros, os muíños e as pesqueiras, nas que outrora se collían enormes cantidades de anguías aproveitando o seu regreso estacional ó mar. Estas anguías curábanse, e comíanse todo o ano, e moi especialmente nas feiras de San Froilán. Debido ós encoros hidroeléctricos que impiden a súa subida, agora hai pouquísimas anguías, e o seu lugar como comida de feira foi totalmente ocupado polo polbo.

## Flora e fauna

Dominan as densas **carballeiras**, que presentan texturas moi diferentes segundo os treitos.

Veremos bastantes **aves acuáticas**, por exemplo lavancos, que gustan das grandes masas de augas tranquilas. O río é rico en **troitas**.

## Itinerario

Cruzamos a ponte romana, e collemos á dereita polo **Camiño Primitivo de Santiago**, atravesando o chamado Barrio da Ponte. Deseguida temos o Club Fluvial, e vemos un magnífico caneiro, o Caneiro da Praia; da outra banda a cidade, dominada polas torres da Catedral. Logo encontramos un minúsculo burgo disposto a ambos lados do camiño, con casas dos séculos XVIII e XIX, entre elas un antigo lazareto.

Seguimos o camiño, aínda asfaltado. Chegamos ós piares da Ponte Nova sobre o Miño, saída por estrada cara a Santiago. Pouco despois cruzamos unha ponte pequena, sobre o río Mera, que desemboca por aquí. Á esquerda temos un muíño, e outro á dereita, os dous cos seus caneiros. O río Mera é dunha gran beleza, e hai unha ruta pola súa ribeira que sae moi cerquiña de aquí, desde o Monte Segade.

Despois de pasarmos o Mera collemos á dereita, e un bo pedazo máis adiante deixamos o asfalto e entramos nouro mundo. O camiño segue bastante chan e cómodo, pero o terreo é accidentado, e o río decorre bastante abaixo, á nosa dereita; á nosa esquerda quedan atrás as casas de Orbazai, pero nós pouco as vemos. Camiñamos rodeados por grandes carballeiras. Ó fondo, xunto ó Miño, veremos algúns prados de ribeira; o resto é unha paisaxe na que quedan poucas marcas de habitación.

Por fin chegamos a outra pista asfaltada, que segue aínda por carballeiras. Despois hai unha ponte sobre un regato, e entón o contraste é moi súbito: entramos nunha paisaxe de gran forza agraria, con excelentes prados cultivados ás dúas bandas do camiño. Pero ó outro lado do Miño contemplamos o magnífico espectáculo dun monte alombado, extenso e de bastante altura, densamente cuberto por unha gloriosa carballeira. Costa abaixo, chegamos a outra ponte que atravesa o Miño; hai un vello caneiro, e a Estación Elevadora de Augas da cidade.

Despois desta ponte, estamos na chamada estrada do Ombreiro, un dos paseos preferidos dos lucenses. Segundo volvemos augas abaixo, á nosa esquerda carballeiras, á nosa destra carballeiras e un Miño esplendoroso. A estrada, que é de escaso tránsito, ten un paseo peonil moi seguro, ben definido e protexido por bolardos. Axiña atoparemos outro caneiro cun gran muíño, hoxe casa de pracer case pacega, cunha pequena capela neorrománica e grandes carballos. É a chamada Acea do Rei Chiquito.

Nesta parte as ribeiras do Miño quedan bastante altas sobre as augas; esta é a razón de que no seu arborado predominen os carballos, moitos deles de gran porte. Hai tamén castiñeiros, abelairas, sabugueiros, salgueiros, e por suposto ameneiros tamén, especialmente nos puntos en que as súas raíces poden chegar á auga.

Seguimos un treito pola beira da estrada, ata atoparmos un sinal que nos encamiña para unha preciosa congostra, que decorrerá cada vez máis cerca do río, por carballeiras, prados de ribeira e algún cultivo. Este é un camiño fermosísimo, que termina indo pola mesma beira do río, sosegado e fondo, entre carballos espléndidos que cobren a empinada ladeira e pingan sobre as augas. É fácil que vexamos piraguas, e os lavancos abundan.

Logo entramos nunha zona con moita máis presenza humana, máis axardiñada. Antes e despois dos enormes piares da Ponte Nova están as escolas de piragüismo. Despois, sempre xunta o río, atopamos o recinto público chamado Los Robles, onde hai un establecemento hostaleiro, que dispón dunha ampla zona de recreo con piscina e onde se sitúa o embarcadero dun catamarán que fai un percorrido polo río. A continuación atopamos un parque atravesado por un carreiro lastrado de cantería ó carón do río. A cidade faise moi presente á nosa esquerda. Encontramos un enorme caneiro; o Miño faise anchísimo. Chegamos **á vella Fábrica da Luz**, que tiraba a enerxía deste caneiro, e entramos por un precioso parque: o **Paseo do Miño**. No río está agora o Caneiro da Praia, que vimos xa desde a outra banda. Aquí podemos dar unha volta polo parque. Ó acabar o parque está o aparcadoiro onde iniciamos o percorrido e mais a ponte romana.




# As ribeiras altas, Miño arriba



## Como chegar

**En coche:** Desde a oficina municipal de turismo (na Praza da Constitución) segue a Ronda da Muralla e a algo máis de 2 Km. -á altura da Porta de Santiago- toma o desvío á dereita cara á N-VI, e baixa cara o río Miño pola rúa Santiago (unha rúa con forte pendente e unha curva á esquerda en cambio de rasante). Sen desviarte desta rúa -e tras pasar o cruce coa Rolda da República Argentina- a pouco máis de 100 metros verás o mirador Volta da Viña na marxe dereita. Continua pola vía xirando uns 180° e desvíate á esquerda en dirección Portomarín. A menos de 100 metros, na marxe dereita, inmediatamente antes de cruzar a ponte sobre o río Miño, está situado o aparcadoiro onde poderás estacionar, e que se sitúa no comezo do Paseo do Miño.



- Ruta
- Retorno opcional
- Camiño Primitivo a Santiago
- Enlace a outra ruta
- Panel informativo
- Aparcadoiro
- Muíño
- Conxunto monumental
- Ponte romana
- Caneiro
- Embarcadoiro catamarán
- Área de recreo
- Restaurante
- Núcleo de poboamento

### RECOMENDACIÓNS:



### INFORMACIÓN DE INTERESE:

Oficina Municipal de Turismo: 982 297 347  
 Oficina de Turismo, Xunta de Galicia: 982 231 361  
 Centro de Atención de Emerxencias: 112  
 Teléfono do Concello: 010  
[www.lugo.es](http://www.lugo.es)

**LONXITUDE:** 11,3 qm.  
**DURACIÓN APROXIMADA:** 3 h. a pé, 1 h. e media en bicicleta.  
**MODO DE PERCORRIDO E DIFICULTADE:** a pé, baixa pero longa;  
 en bicicleta, baixa agás nun punto da parte final.  
**CONEXIÓNS:** conecta coa ruta *O río dos muíños*.  
**CARTOGRAFÍA:** 72-IV Lugo.

### PERFIL TOPOGRÁFICO:

